

# A TORTURA NON E ARTE NEN CULTURA

## pola abolición das touradas



As touradas están baseadas na tortura, a dor e o ensañamento co touro. Transmiten valores negativos, como o uso inxustificado da violencia, o desprezo cara os dereitos dos animais, o goce coa tortura e o maltrato animal. Segundo a Declaración Universal dos Dereitos dos Animais, artigo 11: “**todo acto que implique a morte dun animal sen necesidade é un biocidio**”.

As tradicións deben funcionar como soporte do que nos define e constrúe, mais tamén do que esperamos no futuro. Aquelas que están sustentadas na violencia e no aniquilamento non fan máis que perpetuar comportamentos que **deben ser rexeitados da sociedade**.

Ademáis, para os galegos e as galegas, as touradas **non teñen nada que ver coa nosa historia nen coa nosa cultura**, chea de tradicións populares que esmorecen e que si son dignas de recuperación.

**AS TOURADAS  
PAGÁMOLAS TODOS/AS:  
564 millóns de euros  
de axudas públicas no 2010**

As tempadas taurinas, as escolas e as gandeirías son financiadas con diñeiro público que **tamén pagamos as galegas e os galegos, que somos os que menos interese temos nas touradas en todo o Estado**.

Segundo diversas enquisas, **o 90% consideramos que a tortura dos animais como diversión debe ser suprimida**, e a inmensa maioría da poboación nunca asistimos nen assistiremos a unha corrida de touros. Por todo isto demandamos:

**1. O cese inmediato de axudas encobertas ás touradas por parte de todas as Institucións Públicas**, nomeadamente a Deputación de Pontevedra, principal soporte público na nosa cidade.

**2. Que o Parlamento de Galiza modifique a "Lei 1/1993 de Protección de Animais Domésticos ou Salvaxes en Cautividade"** que exclúe no seu artigo 5º as touradas, para que prohíba estas actividades.

**3. O cese do uso de espazos públicos para a promoción das touradas**, así como a supresión nos programas de festas editados polo noso Concello.

**4. A declaración de Pontevedra como "Cidade Antitouradas e amiga dos Animais"**.

**5. A reconversión da Praza de Touros nun Coliseu para espectáculos culturais e concertos.**

sábado

**31 de xullo. 20h. Peregrina  
MANIFESTACIÓN  
CONTRA AS TOURADAS**